

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE XULLO 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:20 horas do día 5 de xullo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de xullo de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a, 3b 8a, 8b, 8c, 9a, 9b, 9c, 10a, 10b, 11a, 11b, 11c e 11d)
D. José Angel Hermida Fernández (asiste aos puntos 2a, 3a e 11c)
D. Oscar Couce Senra asiste aos puntos 2b, 3b e 11d por delegación de D. Jerónimo Centrón Castaños de data 5 de xullo de 2018
D. Oscar Couce Senra (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a.Carmen Pintado García

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 28 de xuño de 2018

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 1 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación ábrese o sobre A "Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a CREACIONES LUMINOSAS, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar o Documento europeo único de contratación (DEUC) debidamente asinado (Se presentan a documentación por Rexistro Electrónico, o DEUC deberá estar asinado dixitalmente).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - 1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 - 2. UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
 - 3. ORECO, S.A.
 - 4. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
 - 5. COPCISA, S.A.
 - 6. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-OGMIOS PROYECTO, S.L.
 - 7. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 - 8. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.
 - 9. PRADO LAMEIRO, S.L.
 - 10. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
 - 11. OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106)

Non se trata porque a Mesa acordou no punto anterior conceder un prazo a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A. para que emende a documentación presentada no sobre A.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "acondicionamento de espazo polideportivo cuberto na rúa Romil, nº 77" (37-441)

Ábrese o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

En acto público ábrese o Sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Diminución lineal das tarifas máximas	Incremento Canon concesional €/ano
1	UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	6%	17.760€
2	UTE HINOBEPA, S.L. - INVERSIONES TURIAPARK, S.L.	7,96%	13.036,04€
3	EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.	0,1%	6.000€

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura, D. Carlos Alberto Baña Neira, con DNI 36062738A, en representación de EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 3 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)(informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras, pola Técnica Medio de actividades turísticas do Servizo de Turismo e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 3 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113)(informe sobre C)

Entrégase o informe asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática o 29 de xuño de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)(informe sobre C)

Entrégase o informe asinado polo xefe de área de Benestar Social e xefatura de Acción Social o 3 de xullo de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)(informe sobre B)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I. Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras, pola Técnica Medio de actividades turísticas do Servizo de Turismo e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 3 de xullo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113)(informe sobre C)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática o 29 de xuño de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)(informe sobre C)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de área de Benestar Social e xefatura de Acción Social o 3 de xullo de 2018, de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula".

Á vista do citado informe, no que se pon de relevo que o licitador FUNDACIÓN ALDABA supera o orzamento base de licitación establecido no apartado 3.A do Anexo I- FEC (Orzamento base licitación: 2.581.689,36 euros), a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión acorda a exclusión deste procedemento da citada fundación en base a cláusula 5.6 da PCAP que determina que "As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluída".

Excluído este licitador, no procedemento queda un único licitador, CLECE, S.A. Dado que a cláusula 15.3. do PCAP establece que as fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido, outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación dun grupo electróxico (8.447-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación criterios subxetivos	Puntuación fórmulas	Total Puntuación
SMG Iberia	21	51,92	72,92
Acelec	6	60,5	66,5

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SMG Iberia, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 5 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 987,46 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de xullo de 2018, da FUNDACIÓN ALDABA, por superar o orzamento base de licitación establecido no apartado 3.A do Anexo I- FEC (Orzamento base licitación: 2.581.689,36 euros), consonte ao previsto na cláusula 5.6 da PCAP (“As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores ao orzamento base de licitación. En caso contrario, serán excluída”).

Segundo.- “Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio educativo e de apoio familiar» (150.888-301) na seguinte orden descendente:

Licitador	Puntuación total
CLECE S.A.	90,50

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acredita a habilitación profesional esixida no apartado 6.E do Anexo I- FEC.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1927,03 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) na seguinte orde descendente:

Orde	PUNTUACIÓNS	TOTAL
1	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.	97,50
2	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.U.	90,27
3	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	67,54

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional prevista no apartado 6D do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.083,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o día 12 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta incompleta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, concederlle un prazo de 3 días hábiles para que a completen.

Dentro do prazo concedido, na data 2 de xullo de 2018, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A. presentou a documentación requerida en prazo.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 22 de maio e 4 de xuño de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A, o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) das diversas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (1.538-611) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 21.724,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.770,32 euros.*
- b) *Propón un valor porcentual de 14,32% como porcentaxe de desconto para o termo variable da tarifa de gas natural aplicada para cada instalación TV, de acordo co cálculo do prezo unitario de enerxía térmica útil definido neste prego.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo polo emprego da mocidade II" (14.943-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo polo emprego da mocidade II" (14.943-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo polo emprego da mocidade II" (14.943-77) na seguinte orde descendente:

Empresas licitadoras	Puntuación criterios xuízo de valor	Puntuación criterios de fórmula	TOTAL
ESTUDIOS MEGA S.L	19,75	75,00	94,75
METODO ESTUDIOS CONSULTORES	23,00	66,50	89,50
ACADEMIA POSTAL 3	21,25	57,33	78,58
Centro de Estudios Activa Formación SL	21,75	53,88	75,63



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 9 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTUDIOS MEGA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional no apartado 6E do Anexo I -FEC-.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 910,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTUDIOS MEGA S.L., o día 18 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 25 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta incompleta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, concederlle un prazo de 3 días hábiles para que a completen.

Dentro do prazo concedido, na data 29 de xullo de 2018, *ESTUDIOS MEGA S.L.* presentou a documentación requerida en prazo.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESTUDIOS MEGA S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 10 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



é a formulada por ESTUDIOS MEGA S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de maio de 2018 e 31 de maio de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ESTUDIOS MEGA S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo polo emprego da mocidade II" (14.943-77) por un prezo total do contrato de 22.787,45 euros (exento de IVE).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de maio, de PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L. por apartarse a súa proposición do modelo establecido (cláusula 13.5c do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a GESA GESTIÓN DE RECURSOS NATURALES Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do servizo de comercio o 6 e 7 de xuño de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106) na seguinte orde descendente:

Nº	Licitador	Puntos
1	INTEGRA MXSI CEE, S.L.	100,00
2	ALEDA MANAGEMENT, S.L.	99,66
3	PROYEGAL INGENIERÍA, S.L.	92,25
4	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	80,33
5	EULEN, S.A.	79,91
6	BONA FIDE LEMA, S.L.L.	70,97
7	EUROCONTROL Y SERVICIOS NOROESTE, S.L.	51,70

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MXSI CEE, S.L, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 937,10 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MXSI CEE, S.L, o día 15 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 27 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Terceiro.- Na sesión da Mesa de Contratación do 5 de xullo de 2018, presente o xefe de servizo de comercio, revisa a documentación presentada, sendo esta correcta. A continuación a Mesa de Contatación acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTEGRA MXSI CEE, S.L, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MXSI CEE, S.L, de acordo co informe das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 6 de xuño e 7 de xuño de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a INTEGRA MXSI CEE, S.L o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 35.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.074,38 euros.*
- b) *Propón un 25,15% como porcentaxe de redución dos prezos unitarios sen IVE da hora laboral diurna e festiva diurna, previstos na cláusula 3G.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 13 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	95,24
2	CIVISGLOBAL S.L.U.	94,04
3	HIDROMIÑO S L	94,01
4	ORECO S.A.	93,20
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	92,46
6	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	92,13
7	MISTURAS, S.A.	91,93
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,43
9	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	91,02
10	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	90,92
11	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	90,61
12	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	90,60
13	ORESA SL	88,77
14	PROYECON GALICIA, S.A.	88,65



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



	Licitadores	Puntuación
15	ACCIONA CONSTRUCCION SA	88,07
16	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S LU- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA , S.L.	87,66
17	COPCISA, S.A.	87,52
18	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL	87,23
19	NAROM SL	87,10
20	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	87,05
21	DRAGADOS, S.A.	80,73
22	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	80,60
23	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	75,62
24	CALDEVERGAZO SL	70,97

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 897,78 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., o día 19 de xuño de 2018, que presenta a documentación requirida o 20 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xullo de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 29 de maio de 2018 e 5 de xuño de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adjudicar a CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 2.033.599,19 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 352.938,70 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240)

Dar conta da constitución, polo Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Patrimonio, Recursos Humanos e Administración Electrónica, no uso das competencias atribuídas pola normativa vixente (art. 127 da Lei7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015) dun comité técnico multidisciplinar para a elaboración do informe técnico de valoración do contido do sobre B "proposición avaliábel mediante xuízo de valor" no procedemento aberto do contrato administrativo especial para a venda da parcela municipal nº 3.928 do inventario municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo (19.989-240).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:25	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA349-C6D13F-4DE5AC-47T8D3-BMSJQB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		